



4

**camiñante
no camiño**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística




Obxectivos

Obxectivos desta unidade:

- ❖ Como describir lugares
- ❖ Como relatar viaxes
- ❖ Como falar de comidas e bebidas
- ❖ Como desenvolverse nun restaurante, hotel...
- ❖ Como pedir un servizo de forma educada

Coñecemento do código

- ❖ Perífrases verbais
- ❖ Presente de subxuntivo
- ❖ Oracións de relativo
- ❖ Léxico do turismo e das viaxes
- ❖ Léxico de comidas e bebidas
- ❖ Entoación afirmativa e interrogativa



Actividade introdutoria

Vas oír unha conversa entre dous mozos nun aeroporto. escoita o que din. Fíxate que aparecen estruturas verbais novas, es capaz de cubrir os ocos? 

EDUARDO: Non, non te preocupes, e ti, levas
_____ moito tempo?

BEATRIZ: Estiven _____ pero despois
penseino mellor e agardeite.

EDUARDO: Vaia, vexo que segues _____
coma sempre.

BEATRIZ: Se traes fame ou sede podemos
_____ algo antes de coller o coche.

EDUARDO: Non, non, sigo _____
dieta, así que non me convén comer moito, senón cando
volva...

BEATRIZ: Acabas de _____ e xa estás
_____ de volver!

BEATRIZ: E non se che fixo longa a viaxe?

EDUARDO: Non, estiven _____ e despois
estivemos _____ un par de películas e co-
mendo, ata durmín un pouco.

BEATRIZ: Pois logo _____ indo, que na
casa estante _____ coma auga de maio.

EDUARDO: Imos, non terás un cigarro?

BEATRIZ: Pero ti...

EDUARDO: Si, xa sei, deixei de _____, pero
en Bos Aires, _____ o vicio.





Gramática e Léxico

Prácticas guiadas

1. En parellas, lede a transcripción da "Actividade introdutoria", está ao final da unidade. Fixádevos nas perífrases e intentade completar os cadros.

VERBO PRINCIPAL	PREPOSICIÓN/ CONXUNCIÓN	INFINITIVO, XERUN- DIO OU PARTICIPIO	EXEMPLO
levar			
estar	para	marchar	estar para marchar
seguir			
ir			
seguir			
acabar			
ir			
estar			
deixar			
ter			

PERÍFRASES ⁽¹⁾

Unha perífrase é unha combinación de dous verbos, un en forma persoal e o outro en forma non persoal (infinitivo, xerundio ou participio), ás veces unidos por unha preposición ou por unha conxunción. O verbo principal toma un novo significado.

Perífrases temporais

Indican futuridade:

IR+INF *Foi buscar o seu amigo ao aeroporto.*

* Ollo! En galego sen preposición A.

PERÍFRASES ⁽²⁾

Perífrases modais

a) Indican obriga:

HABER+QUE+INF. *Hai que poñer o cinto ao subir ao coche.*

TER+QUE/DE+INF. *Temos que ir con xeito.*

DEBER+(DE)+INF. *Debes ir unha hora antes de que saia o voo.*

b) Indican probabilidade:

PODER+INF. *Crin que poderías ser máis valente.*

Perífrases imperfectivas

a) Expresan unha acción non realizada, pero que estivo a piques de chegar ao seu termo. O verbo auxiliar aparece sempre en pasado.

ESTAR A/PARA+INFINITIVO *Estiven para marchar.*

b) Acción en desenvolvemento:

ESTAR +XER. ou A+INF. *Están esperando por ti ou Están a esperar por ti.*

LEVAR+ XER ou A+INF. *Levo esperando unha hora ou Levo a esperar unha hora.*

SEGUIR+ XER ou A+INF. *Segues xogando ou Segues a xogar.*

Perífrases perfectivas

Indica que a acción xa rematou:

ACABAR/REMATAR DE+INF. *Acabas de chegar e xa pensas en volver.*

Perífrases reiterativas

Indican unha acción repetida:

VOLVER+INF. *Non volverei falar do asunto.*

* Olo! Non leva preposición A.

TER+PARTICIOPIO *Mira que cho teño repetido!*

Perífrases terminativas

Indican a acción no seu remate:

ACABAR POR+INF. *Acabou por perdoarlle.*



COLOCACIÓN DO PRONOME

Lembra que na Unidade 1 falamos da colocación do pronome persoal átono. Fixate agora na colocación do pronome nas perífrases:

Heino de facer = Hei de facelo = Hei de o facer

Non o hei de facer.

2. Que barullo!

A Escribe polo menos seis frases usando un elemento de cada columna.

Laura	segue	casar	ás gargalladas
As alumnas	deixou de	dicirlle	a cabalo
María e Antón	acabou por	rir	mañá
Xulia	botáronse a	esperando	a verdade
Os rapaces	van	montar	por ti
Luís	están	xogando	ao tenis

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____

B Podes construír outras seis frases que conteñan perífrases. Lembra os exemplos anteriores.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____



3. Completa o texto coas palabras do recadro.

aeroporto (2)	voo(2)	equipaxe(2)	avión	pasaportes
atraso	asentos	viaxe	embarque	
cintos	pasaxeiros (2)	despegará	piloto	

Se imos facer unha _____ en _____ temos que ir ao _____ polo menos dúas horas antes de que saia o noso _____.

O primeiro que temos que facer é facturar a nosa _____ para que nos dean a tarxeta de _____.

Despois temos que pasar polo control de _____.

Na zona do _____ na que só poden estar os _____ hai moitas tendas libres de impostos nas que podemos facer compras.

Se o noso _____ non ten _____, poderemos embarcar á hora prevista.

Cando esteamos no avión teremos que buscar os nosos _____ e colocar a _____ de man no maleteiro. Un sinal indicará o momento no que temos que abrochar os _____ de seguridade.

Axiña, o avión _____ e o _____ daralles a benvida a todos os _____.

4. Vacacións pola internet.

PRESENTE DE SUBXUNTIVO			
-AR	-ER	-IR	IRREGULARES
cante	beba	viva	haber - haxa
cantes	bebas	vivas	ser - sexa
cante	beba	viva	estar - estea
cantemos	bebamos	vivamos	ter - teña
cantedes	bebades	vivades	ir - vaia
canten	beban	vivan	poder - poida
			poñer - poña

Escribes un anuncio na internet, que lle pides ao propietario?

**Para pasar a fin de ano, desexo alugar unha
casiña:**

que teña tres cuartos.
que (dispoñer) _____ de calefacción.
que (estar) _____ preto de Pedrafita.
que (ter) _____ bos accesos.
que non (custar) _____ máis de
_____.
que _____.

**Para pasar a semana do 15 de agosto, busco un
apartamento:**

que estea en primeira liña da praia.
que dispoña de aire acondicionado.
que (ter) _____ dous cuartos.
que a zona (ser) _____ tranquila.
que se (poder) _____ aparcas cerca.
que se (permitir) _____ o pago con
tarxeta.
que non (custar) _____ máis de 600
euros.
que _____.

Para pasar a Semana Santa, quero alugar unha casa:

que teña catro cuartos.
que (dispoñer) _____ de bicicletas.
que (haber) _____ río preto.
que se (poder) _____ cocinar.
que (estar) _____ ben comunicada co aeroporto de Vigo.
que non (custar) _____ máis de 1.000 euros.
que _____.



Lembra que o antecedente (neste caso, casa e apartamento)
é descoñecido, por iso usamos o presente de subxuntivo:

Vivo nunha casa que ten un cuarto de baño.

Busco unha casa que teña dous cuartos de baño.



5. Durmir fóra

A En parellas, interpretade os seguintes textos.

a) Por teléfono:

RECEP.: Hotel Albarín. Bos días, aténdeo Silvia, dígame?

CLIENTE: Ola, bos días. Sería posible reservar un cuarto para esta fin de semana?, por favor.

RECEP.: Si, como non. Individual ou dobre?

CLIENTE: Individual, por favor.

RECEP.: Para cantas noites?

CLIENTE: Para venres e sábado.

RECEP.: Con baño ou con ducha?

CLIENTE: Con baño. Canto custa?

RECEP.: 70 euros, incluído o almuerzo

CLIENTE: E podo pagar con tarxeta de crédito?

RECEP.: Si, por suposto. Podería dicirme o seu nome?

CLIENTE: Si, claro, Adrián García.

RECEP.: Moi ben, reservámoslle o cuarto ata as 8, se chega máis tarde, por favor, chámenos.

CLIENTE: Vale, moitas grazas, non se preocupe.

b) Na recepción dun albergue:

CLIENTE: Ola, boas tardes!

RECEP.: Boas tardes. En que podo axudalo?

CLIENTE: Mira, poderías deixarnos algunhas mantas máis para o noso cuarto? Parece que vai ir frío pola noite.

RECEP.: Claro que si, cantas necesidades?

CLIENTE: Un par, unha para cada cama.

RECEP.: Agora mesmo.

CLIENTE: Graciñas. Ata logo!

RECEP.: Ata logo!



Pedir un servizo de forma adecuada

Formal

Importaríalle...?

Sería posible...?

Sería tan amable de...?

Informal

Importaríache...?

Poderías...?

Respostas

Si, como non.

Si, agora mesmo.

Por suposto.

Claro que si.

Síntoo, pero...

B Practicade en parellas, segundo os exemplos anteriores, interpretando un o papel de cliente e outro o de recepcionista.

a) Por teléfono:

Tipo de cuarto: dobre, individual, con cama supletoria, de matrimonio.

Duración da estancia: unha noite, dúas noites, unha semana, catro ou cinco días.

Esixencias especiais: con baño e teléfono, interior, con vistas á praia, almorzo na habitación.

b) Na recepción dun albergue:

- *Faltan toallas.*

- *Hai unha lámpada fundida.*

- *Queres que te esperten ás 6.*

- *O aire acondicionado está a tope e tes frío.*

C Escribide un fax e/ou un correo electrónico solicitando un cuarto nun hotel para pasar unha fin de semana coa vosa parella.



6. De cea

Escoita e completa a grella. 

	FLORA	ROBERTO	ANTONIO
BEBIDA			
PRIMEIRO			
SEGUNDO			
SOBREMESA			

7. Imos xantar

- A** Esta era a carta do restaurante que tiñan os vosos compañeiros Flora, Antonio e Roberto. Agora mirádea vós, en grupos de catro, elixide os vosos menús, tendo en conta que:
- un está seguindo un réxime baixo en calorías.
 - un só leva 30 euros.
 - un é vexetariano.
 - un é un lambón.

.: MESÓN COME CASTAÑA .:	
Entremeses e ensaladas	Caldos, sopas e arroces
Xamón 7,00 €	Caldo galego..... 4,00 €
Chourizo do país 5,00 €	Caldo de castañas..... 4,50 €
Empanada de bacallau 5,20 €	Sopa de pescado..... 3,50 €
Empanada de xoubas 5,00 €	Sopa de marisco..... 4,30 €
Ensalada caseira (leituga, tomate, cebola) 3,50 €	Arroz con lumbrigante..... 30,00 € (2 persoas)
Ensalada mariñeira (leituga, tomate, cangrexo, gambas) 4,00 €	
Ensalada Come Castaña (leituga, tomate, millo, castañas) 4,00 €	
Croquetas da avoa 4,00 €	

.: MESÓN COME CASTAÑA .:

Verduras, revoltos e tortillas

Feixóns guisados	3,80 €
Chícharos con xamón	4,40 €
Revolto de cogomelos	4,50 €
Revolto de algas	5,00 €
Revolto de grelos	4,50 €
Revolto de espárragos	4,80 €
Tortilla de patacas	4,00 €
Tortilla da casa (pementos, chourizo, chícharos e queixo)	5,50 €

Mariscos e peixes

Lagostinos á prancha	10,00 €
Vieiras ao forno	5,00 € (a unidade)
Mexillóns á mariñeira	6,00 €
Berberechos ao vapor	4,20 €
Luras á prancha	4,80 €
Polbo á feira	8,50 €
Polbo Casa Castaña	10,00 €
Troitas do Ulla	6,20 €
Pescada cocida	8,00 €
Peixe sapo en salsa mariñeira	10,00 €

.: MESÓN COME CASTAÑA .:

Carnes

Raxo con pementos	4,50 €
Zorza con patacas	4,30 €
Polo ao loureiro	6,40 €
Chourizos ao viño	6,00 €
Solombo á grella	10,80 €
Rabo de touro	8,50 €
Año asado	11,20 €
Coello ao ourego	7,90 €

Sobremesas

Froita do tempo	3,00 €
Flan caseiro	3,20 €
Torta de queixo e amorodos	3,30 €
Torta de Santiago	3,60 €
Torta de castañas	3,70 €
Filloas	3,70 €
Queixo	3,00 €

..: MESÓN COME CASTAÑA :.

Bebidas

<i>Albariño Tentempé</i>	<i>10,00 €</i>
<i>Ribeiro Verde</i>	<i>6,00 €</i>
<i>Cerveza</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Refresco</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Auga</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Licor café</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Licor de abelá</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Queimada</i>	<i>10,00 €</i>
<i>(4 persoas)</i>	

B Despois de elixir os menús, pedídellos ao camareiro, que será un de vós.

Camareiro: - Que desexa tomar?

-Para empezar, ensalada Come Castaña e, despois, un revoltó de grelos.

Compañeira: -Pero ti non eras vexetariano?

- Si, pero os ovos podo tomarlos!

ENTOACIÓN INTERROGATIVA

Podemos distinguir dous tipos de entoación interrogativa:

a) Preguntas absolutas. Teñen un final ascendente. Nalgunhas zonas (ría de Vigo) esta entoación presenta unha forte elevación.

Imos cear?

Queres acompañarnos?



b) Preguntas pronominais. Teñen un final descendente. Empezan cun pronome interrogativo.

Cando te vas?

Onde está o hotel?



1. Escoita e sinala a opción correcta.



1. Queres viño? ☐
- Queres viño. ☐
2. Foi longa a viaxe? ☐
- Foi longa a viaxe. ☐
3. Queres vir cear? ☐
- Queres vir cear. ☐
4. Gústache viaxar só? ☐
- Gústache viaxar só. ☐
5. Podo pagar con tarxeta? ☐
- Podo pagar con tarxeta. ☐



De viaxe

1. Na revista *Viaxa con nosoutros* publicouse este cuestionario. Queres saber que tipo de viaxeiro es? Marca a opción coa que máis te identificas.

Como che gusta viaxar?

1. Cando vou de viaxe,
 - a) nunca sei que levar, ponme moi nervioso preparar as maletas
 - b) gústame levar un pouco de todo, polo que poida pasar
 - c) odio ter que facer as maletas; levo só o necesario
2. Sempre levo...
 - a) un pixama e un paraugas
 - b) unha guía e unha cámara de fotos
 - c) un saco de durmir e un caderno
3. Cando estou de vacacións,
 - a) sufro se non vexo todo o que hai nun lugar
 - b) interésanme os monumentos e os museos, pero non necesito velo todo
 - c) o que máis me diverte é pasear polas rúas e ver como vive a xente
4. Cando vou de vacacións,
 - a) odio os lugares onde chove e vai frío
 - b) intento viaxar cando vai bo tempo
 - c) non me importa o clima
5. Respecto á comida:
 - a) son un pouco delicado para comer e só como os pratos que coñezo
 - b) intento comer os pratos do lugar, pero non como cousas raras
 - c) encántame probar pratos novos do sitio onde estou
6. Durante as vacacións,
 - a) non desconecto, sempre estou pensando no que terei que facer á volta
 - b) ás veces acórdome do traballo, pero non moito
 - c) moléstame pensar no traballo, esquézome de todo
7. Prefiro viaxar...
 - a) con todo organizado por unha axencia e cun guía turístico
 - b) co voo e hotel reservado
 - c) pola miña conta e sen reservas
8. Normalmente viaxo...
 - a) coa familia
 - b) coa parella
 - c) só ou con amigos
9. Compro...
 - a) demasiado e volvo á casa cun montón de cousas que non preciso
 - b) regalos, encántame comprar recordos típicos dos sitios aos que viaxo
 - c) algo que non vou atopar no meu país ou cidade
10. Se me interesa unha viaxe
 - a) o prezo non me importa
 - b) intento aforrar durante o ano para as vacacións
 - c) planifico as vacacións en función do orzamento

Resultados >>

Resultados

Maioría de respostas A: Seguro que viaxas para relaxarte e descansar? Lembra que as vacacións tamén serven para desconectar!

Maioría de respostas B: Es bo viaxeiro. Dáslle moita importancia á comodidade, pero adáptaste a todo tipo de situacións.

Maioría de respostas C: Comes o mundo! Es un auténtico viaxeiro que goza de todas as novas experiencias. Coidado coa aventura.

2. Le as solucións. Identificaste cos resultados do test?

3. Comenta os resultados do cuestionario con dous compañeiros. Con quen tes máis cousas en común á hora de viaxar?

- *Eu nunca sei que meter na maleta.*
- *Pois eu meto demasiada roupa.*
- *Eu viaxo con moi pouca roupa.*





Contido sociocultural

1. Le o texto.

Eu escriboche para comunicarche a morte de teu irmán, pero tamén porque necesito desafogarme [...] Aforrarei relatarche as penalidades que tivemos que sufrir ata chegar ás afastadas costas de Marrocos [...] xa non debiamos estar moi lonxe da costa cando a barca envorcou [...] O día que abandonei Málaga todo me asustaba [...] O primeiro día viaxei ata Madrid [...] logrei apañar un [autobús] a Burgos [...] non sei se a canseira ou a miña obsesión por ocultarme fixo que me enganase de liña, de xeito que, unhas horas despois, aparecín en León [...] foi alí onde coñecín a Jean Pierre [...] que estivera vivindo no Senegal, era un francés de Concarneau que viña camiñando desde Francia. Esa foi a primeira vez que oín falar do Camiño de Santiago [...] Jean Pierre non tardou nada en me preguntar se era unha inmigrante ilegal. Logo díxome que o Camiño de Santiago era o lugar máis seguro para que unha clandestina preñada coma min se agachase ata o inminente momento do parto [...] as miñas roupas senegalesas permitíronme ocultar o embarazo con facilidade [...] E a través daquel camiño descubrín tamén a terra onde agora vivo, Galicia, un lugar que aínda me parece estraño, poboado de fantasmas. As engurras do camiño intérnanse en Galicia, coma unha néboa [...] en canto se pisa, calquera persoa se decata de que esta terra, hostil aos emigrantes coma o resto de Europa, se desangra lentamente. O máis doloroso deste camiño que te vai introducindo nas súas entrañas é a ausencia de nenos. Ninguén berra, ninguén enreda, ninguén corrica, ninguén brinca entre os canastros das casas [...] Agora vivo aquí, nesta terra ferida, sen nenos, onde precisamente vin traer un cativo. O meu fillo naceu, xa en terras galegas, no Camiño de Santiago. El veu ao mundo nunha vila alta e venteada [...] á que chaman Portomarín.

Adaptación de Illegal, Cartas de amor de Fran Alonso, Xerais, 2006

2. Fixeches o Camiño de Santiago?

3. Atopácheste con peregrinos coma a protagonista da carta?

4. Como describe a protagonista o Camiño de Santiago? Estás de acordo con ela?

5. Cres que a protagonista quedará a vivir en Galicia?

Modelo Actividade CELGA

De aventura

O teu compañeiro quere ir de viaxe, pero non sabe a onde. Recomendalle un destino tendo en conta as viaxes que xa fixo e o que máis lle gustou e o que menos.

A Pregunta e completa a ficha.

<i>Países visitados:</i>	<i>O máis caro:</i>
.....	
.....	<i>O país onde comiches mellor:</i>
<i>O máis bonito:</i>	
.....	<i>Tipo de aloxamento preferido:</i>
<i>O máis emocionante:</i>	
.....	<i>Medio de transporte preferido:</i>
<i>O máis interesante:</i>	
.....	<i>Actividades favoritas:</i>
<i>O máis divertido:</i>	
.....	
<i>O máis aburrido:</i>	
.....	

- Cal é o lugar máis _____ que visitaches?

- Que é o que máis che gustou?

- Onde te aloxaches?

- O lugar máis _____ que visitei foi _____.

B Cal destas viaxes lle recomendarías ao teu compañeiro? Por que?



Brasil
Descubra a beleza incomparable de Rio de Janeiro, a modernidade de Brasília, o ritmo e a xente de Salvador e as espectaculares praias de Fortaleza nunha viaxe inesquecible de 12 días. Aloxamento en hotéis de luxo e desprazamentos en avión (primeira clase).

FL 381

4-T




Italia
Benvido ao país da arte, onde a historia e a cultura ofrecen a súa cara máis acolledora. Primeira parada: Pisa (Torre e Catedral). De alí en autobús a Florencia (Catedral e cidade da arte), Roma e Vaticano (visitas á Capela Sistina, Coliseo, Praza de España e Panteon), Venecia (visita en barca polos canais e a pé pola cidade). Aloxamento en albergues.

perfect
PICTURE postcard 3 4
c/o route ltd.
P.O. Box 4133, Chatsworth, CA 91313

perfect
PICTURE postcard 3 4
c/o route ltd.
P.O. Box 4133, Chatsworth, CA 91313



BRUSSELS



Cuba

Coñece a maxia desta illa, a
súa xente acolledora, a súa
música, a súa paisaxe. Dez
días entre A Habana e Santia-
go. Aloxamento en casas par-
ticulares.

Transporte local.

FL 361

4/T



Bélxica
O corazón do continente,
onde se unen a tradición
flamenga co porvir euro-
peo. Vistas a Bruxas,
Gante e Bruxelas. Unha
paisaxe para saborear coa
vista e co gusto: as mello-
res cervexas e os chocola-
tes máis saborosos.

perfect
FIGURE POSTAGE 3 4
c/o route ltd.
P.O. Box 4133, Chatsworth, CA 91313

perfect
FIGURE POSTAGE 3 4
c/o route ltd.
P.O. Box 4133, Chatsworth, CA 91313





Repaso

1. Marchaches de vacacións e o teu compañeiro de piso aínda queda uns días, pero é moi despistado. Déixalle unha nota para que non haxa sorpresas á volta.

Manolo, acaban de chamarme e teño que marchar correndo. Por favor, lembra:

- Hai que pagar o alugamento.
- Tes que cerrar o gas.
- Tes que
- Tes que
- Debes regar as plantas.
- Debes de
- Hai que

*Venme ver cando queiras! Bicos,
Aurora*

2. Queres comprar un coche. Que lle pides?

- Que teña potencia.
- Que sexa cómodo.
- Que (custar)
- Que (ir)
- Que (estar)
- Que non (perder)
- Que (dispoñer de)
-
-



Imos cociñar

1. Filloas.



Ingredientes para catro persoas:

6 ovos
medio quilo de fariña
un litro de leite
un litro de caldo de polo
un anaco de touciño
sal

Preparación:

Aquí tes a receita das filloas, pero está desordenada, intenta ordenala e descubrir como se cociña.

- Untar cun anaquiño de touciño unha tixola.
- Ir incorporando a fariña ata que se mesture todo ben.
- Cando calle e se doure un pouco, darlle a volta para que se doure polo outro lado.
- Deixar repousar.
- Esparexerlle un pouco azucre por riba (tamén se lle pode botar mel, canela...).
- Poñer na tixola a mestura para que cubra o fondo.
- Bater nun recipiente grande os ovos co leite e o caldo, engadir un pouquiño sal.
- Repetir ata que se remate o preparado.



2. Responde.

A Cal é a túa receita preferida?

Que ingredientes leva?

Como se fai?

B Despois de escribila, explícallela aos teus compañeiros.



Que se j facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Describir lugares			
Relatar viaxes			
Falar de comidas e bebidas			
Desenvolverme en hoteis e restaurantes			
Usar perífrases verbais			
Usar o presente de subxuntivo nas relativas			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria.

BEATRIZ: Ola! Benvido!

EDUARDO: Ola, xa estou aquí!

BEATRIZ: Que tal? Que tal a viaxe?

EDUARDO: Ben, moi ben.

BEATRIZ: Estarás canso?

EDUARDO: Non, non te preocupes, e ti, levas esperando moito tempo?

BEATRIZ: Estiven para marchar, pero despois penseino mellor e agardeite.

EDUARDO: Vaia, vexo que segues a xogar coma sempre.

BEATRIZ: Se traes fame ou sede podemos ir tomar algo antes de coller o coche.

EDUARDO: Non, non, sigo facendo dieta, así que non me convén comer moito, senón cando volva...

BEATRIZ: Acabas de chegar e xa estás falando de volver!

EDUARDO: Era unha broma, muller.

BEATRIZ: E non se che fixo longa a viaxe?

EDUARDO: Non, estiven lendo e despois estivemos vendo un par de películas e comendo, ata durmín un pouco.

BEATRIZ: Pois logo imos indo, que na casa estante esperando cos brazos abertos.

EDUARDO: Imos, non terás un cigarro?

BEATRIZ: Pero ti...

EDUARDO: Si, deixei de fumar, pero en Bos Aires, volví coller o vicio

BEATRIZ: Sería a soidade!

EDUARDO: Sería.

BEATRIZ: Veña, imos, aínda temos que pasar polo caixeiro...



2. Gramática e léxico.

De cea.

Camareira: Ola, boas noites, que van tomar?

Flora: A ver, decidistes xa?

Roberto: Eu quero caldo galego de primeiro e aña asado de segundo.

Flora: E ti, Antonio?

Antonio: A min tráíame sopa de marisco de primeiro e...

Camareira: Síntoo moito, pero terminóusenos a sopa de marisco. Se quere temos sopa de peixe, caldo de castañas...

Antonio: Non, entón non tomo sopa. Tráíame unha ensalada caseira e peixe sapo.

Camareira: E para vostede, señora?

Flora: Pode dicirme que leva a ensalada Come Castaña?

Camareira: Pois lévalle leituga, tomate, millo e castañas.

Flora: Entón tráíame esa ensalada e, de segundo..., coello ao ourego.

Camareira: Moi ben. Que van tomar para beber?

Antonio: Vós preferides tinto coa carne, non?

Flora: Si, si, mellor.

Antonio: Entón tráíanos unha botella de viño tinto e unha copa de branco. Tamén unha botella de auga sen gas, por favor.

Camareira: Desexan algo de sobremesa?

Flora: Eu quero filloas se poden ser con mel.

Camareira: Por suposto, señora, e os señores?

Roberto: Pois eu vou tomar torta de castañas.

Antonio: Que hai de froita?

Camareira: Temos cereixas, laranxas, pexegos, amorodos e ameixas.

Antonio: Ben, entón tráíame cereixas, por favor.